



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Expediente núm.: 442/2026

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: Selección de persoal laboral e creación de Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028

Categoría profesional: Auxiliar de axuda no fogar (V)

Sistema de selección: Concurso – Oposición

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E BAREMACIÓN DA FASE DE CONCURSO

Nas instalacións do Centro de actividades para maiores Os Gozos (Centro de Día) (Caseiro Gozos, 9, 32792 Os Gozos, Ourense), sendo as 17:40 horas do día **30 de abril de 2026**, procédese á constitución do Tribunal cualificador que xulgará os exercicios das probas selectivas para o proceso selectivo de persoal laboral e creación de Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028 na categoría profesional de **Auxiliar de axuda no fogar (V)**, cuxas bases foron aprobadas o 05 de marzo de 2026 por Resolución de Alcaldía núm. 2026 – 0234, e posteriormente publicadas na sede electrónica deste Concello [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] con data do 06 de marzo de 2026.

A relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a sinalización do lugar e data para a constitución do Tribunal, baremación de méritos achegados dentro do prazo de presentación de instancias e realización das probas de cofecemento da fase de oposición publicouse na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] con data do 22 de abril de 2026.

Estando presentes os membros do Tribunal designado na Resolución de Alcaldía núm. 2026 – 0394 de data 22 de abril de 2026, como órgano competente do proceso selectivo enriba referido para a constitución do mesmo, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

Membros	Identidade
Presidente/a	Alejandro Martínez Sánchez
Secretario/a	Sara González Prieto
Vogal	Ana Isabel Labrador Belmonte
Vogal	María Sol Gómez Pérez
Vogal	Ana María Gómez Pérez

Constituído o Tribunal cualificador, e de conformidade coas bases reguladoras da antedita convocatoria, á vista dos documentos presentados dentro do prazo de presentación de instancias acreditativos dos méritos formativos e a experiencia profesional, procédese a baremar os mesmos, a saber:

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 8 (sobre un total de 20 puntos da puntuación total do procedemento).

EXPERIENCIA PROFESIONAL: ata un máximo de 4 puntos.

1. Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,20 por cada mes completo ou fracción.
2. Por servizos prestados noutras AAPP na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

3. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.

A experiencia na Administración Pública deberase xustificar co certificado expedido polo órgano da administración con competencia na materia, onde constará a denominación do posto de traballo que ocupa ou ocupase, con expresión do tempo que o viñese desempeñando e relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño deste.

A experiencia profesional fóra do ámbito da Administración Pública deberase xustificar mediante o contrato de traballo, nóminas ou certificado de empresa, onde conste o período, grupo de cotización e a denominación do posto de traballo que ocupa ou ocupase; acompañado do certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada). Computarase como tempo de servizos efectivos o tempo de duración daquelas excedencias e outras situacións administrativas que, de acordo coa lei e o convenio colectivo aplicable, computen para efectos de antigüidade e carreira. Non se computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, nin os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas. Tampouco se terán en conta servizos prestados mediante a celebración de contratos administrativos de servizos.

FORMACIÓN: Valorarase a formación nas materias propias do posto: ata un máximo de 3 puntos.

Valorarase participar ou impartir cursos:

- organizados ou homologados polos centros ou servizos de formación das diferentes administracións públicas e universidades ou outras entidades do sector público,
- impartidos polas organizacións sindicais ou outras entidades promotoras de accións formativas no marco dos acordos de formación continua para as administracións públicas (AFCAP) e do acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP),
- cursos de formación ocupacional impartidos ou homologados polas administracións públicas e realizados dentro do Plan de formación e inserción profesional (FIP) ou do Plan de accións formativas dirixidas prioritariamente a desempregados (AFD),
- cursos de universidades privadas e colexios profesionais.

A formación das persoas aspirantes acreditarase mediante a presentación do certificado ou diploma de asistencia ao curso con indicación do número de horas lectivas e data de realización (organizados, ben por unha administración pública, unha universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha administración pública).

Aqueles cursos ou accións formativas en cuxo diploma ou certificado de asistencia / aptitude non figure a entidade do sector público que a promoveu deberán acreditarse mediante unha certificación expedida pola dita entidade do sector público que contratou a impartición do servizo de formación.

Valoraranse os cursos ou accións formativas considerados transversais polo seu interese para todo tipo de posto de traballo, como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros.

Non se valorarán os cursos cando na acreditación (título, diploma ou similar) non consten a entidade que a promove, as datas de realización nin as horas de duración.

Non se valorará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, as materias que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes integrantes dun curso, simposios ou similares.

Para a valoración dos cursos aplicarase o seguinte baremo:

1. Cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos/curso
2. Cursos de entre 60 e 100 horas: 0,20 puntos/curso
3. Cursos de menos de 60 horas: 0,10 puntos/curso

FORMACIÓN EN MÁSTER OU POSTGRADO: ata un máximo de 1 punto.

Valorarase unicamente a formación en máster ou postgrado relacionado coas materias propias do posto de traballo: 1 punto

O número máximo de titulacións a valorar neste apartado será de unha por persoa aspirante.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído/a, previa audiencia da persoa interesada, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

Unha vez realizada polo Tribunal a baremación de méritos alegados polas persoas aspirantes dentro do prazo de presentación de instancias resultan os seguintes resultados:

Apellidos e nome	DNI aleatorio	Achea o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega	FASE CONCURSO							TOTAL FASE CONCURSO (Máx. 8 ptos.)
			EXPERIENCIA PROFESIONAL			TOTAL EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máx. 4 ptos.)	TOTAL FORMACIÓN (Máx. 3 ptos.)	FORMACIÓN EN MASTER OU POSTGRADO (máximo 1 puntos)		
			Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,20 por cada mes completo ou fracción	Por servizos prestados noutras AAPP na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,10 por cada mes completo ou fracción	Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,10 por cada mes completo ou fracción					
1	Álvarez González, Aurora	4*4**30Q	Si	5,20	0,00	6,90	4,00	1,60	0,00	5,60
2	Arias Fernández, María del Pilar	**94*4*3M	Non	4,20	0,00	1,90	4,00	1,00	0,00	5,00
3	Calvo Vidal, Nuria	3*9**87R	Si	11,00	0,00	0,00	4,00	3,00	0,00	7,00
4	Castaño Martín, Yaiza	3*2*3*2*Q	Si	0,00	0,00	5,10	4,00	0,90	0,00	4,90
5	Castro Forján, María Silvia	**99*1*4V	Si	9,80	0,00	4,10	4,00	3,00	0,00	7,00
6	Cortés Araujo, Olga	**479*3S	Si	0,00	0,00	0,00	0,00	0,30	0,00	0,30
7	Félix Sotelo, María Reyes	**99*5*7M	Non	0,40	0,00	0,60	1,00	0,30	0,00	1,30
8	Fernández Ventosela, Neves	**47*3*2X	Si	19,20	0,00	0,00	4,00	3,00	0,00	7,00
9	González Alves, María del Carmen	4**65*3*H	Si	0,00	0,00	11,00	4,00	0,90	0,00	4,90
10	Iglesias García, Rebeca	**47*9*7Z	Si	0,00	0,00	10,50	4,00	1,20	0,00	5,20
11	Lorenzo García, Alba Silvina	**47*6*6W	Si	0,00	0,00	0,00	0,00	0,10	0,00	0,10
12	Medina Ramírez, Luz Maricela	6*1**80N	Non	3,80	0,00	0,00	3,80	0,30	0,00	4,10
13	Mira Rodríguez, Rosana	4*4**07*H	Si	4,60	0,00	0,27	4,00	0,20	0,00	4,20
14	Monteiro Santiago, Dulce	**71*0*5T	Non	3,50	0,00	1,18	4,00	1,00	0,00	5,00
15	Núñez Parada, Andrea	**14*4*2Z	Non	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
16	Pedrayo Rey, Jacobo	**47*4*6M	Si	0,00	0,00	0,00	0,00	1,30	0,00	1,30
17	Peña Gómez, María José	**999*8*A	Si	0,00	0,00	0,00	0,00	1,00	0,00	1,00
18	Pérez Atanes, Yolanda	**449*1*P	Non	0,00	0,00	0,00	0,00	0,60	0,00	0,60
19	Pérez Formoso, Pilar	**477*9E	Si	7,60	0,00	0,20	4,00	3,00	0,00	7,00
20	Pérez Martínez, Lorena	**48*8*0N	Si	6,20	0,00	4,00	4,00	2,30	0,00	6,30
21	Pérez Pérez, Nerea	**48*4*2W	Si	1,20	0,00	11,40	4,00	3,00	0,00	7,00
22	Prado Álvarez, María José	**35*5*5L	Si	0,00	0,00	14,60	4,00	3,00	0,00	7,00
23	Rey Valero, Jorge	4*4**19*Q	Non	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
24	Vázquez García, Carmen	4**55*1*G	Si	9,84	0,00	0,00	4,00	2,70	0,00	6,70



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

A partir do día seguinte á publicación da presenta Acta na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>], as persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles para alegar contra a baremación da fase de concurso, fundamentándoa nos aspectos que considere oportunos.

O Presidente dá por terminada a reunión ás 17:50 horas do día 30 de abril de 2026.

O presidente



A secretaria

Os vogais